

E n c l a v e d e m a r

A a n u l a c i ó n

d o s u x e i t o

n ° 2



Casa Dopeso. As Pontes. 14 de Decembro de 2019 12:30 horas
Programa pertencente á Rede Cultural da Deputación Da Coruña

Performance A anulación do suxeito no.2

Esta peza que hoxe imos a representar é a segunda parte continuadora dun proxecto que arrincou o ano pasado en colaboración coa asociación Mar de Fábula e o museo de Man de Camelle: “A anulación do suxeito”. Posteriormente, en xunio de este ano no Aquarium Finisterrae da Coruña, retomei a sinopsis conceptual da peza orixinal pero nun nivel mais avanzado, auxiliado por unha serie de novos acompañantes como é a colaboración da Asociación Pianeiros, asociación que co seu traballo, amplían a lóxica que rodea a acción mediante a música ao piano. Actualmente, a peza que comezou como algo moi sinxelo, converteuse en todo un espectáculo de beleza ao mesmo tempo que envía un mensaxe moi importante para a sociedade actual. O que hoxe imos a interpretar na Casa Dopeso, representa a xerminación de todo un auténtico traballo en equipo.

O obxectivo destas perfomances, “A anulación do suxeito (1 e 2)”, é facer fincapé na urxencia que require a limpeza ou limitación da contaminación do noso entorno. Mediante unha serie de símbolos realmente explícitos e

Piano e Medioambiente? Como? Por que? Para que? Para quen?

Pianeiros e Mar de Fábula son dúas asociacións sen ánimo de lucro que desenvolven a súa labor dentro do tecido social e cultural da cidade da Coruña. A Asociación Pianeiros naceu no 2014, para apoiar a formación dos xoves pianistas galegos e ó mesmo tempo achegar o repertorio de piano a novos públicos, ó longo de toda a nosa xeografía, coa teima de xerar afición. Mar de Fábula é un activo grupo medioambiental que se adica fundamentalmente a limpar as praias do lixo plástico que asolaga o noso mar: un grao de area no inmenso océano de plástico que está a acadar proporcións absolutamente desoladoras.

Ambas agrupacións temos un forte nexo común: creemos no poder transformador da arte e na responsabilidade dos artistas para coa sociedade. Así que un bo día decidimos colaborar e poñer a nosa sensibilidade artística ó servicio desta causa. A música de piano que escoitaremos hoxe quere ser o catalizador que esperte as consciencias...O LIXO MARINO SÍ, É O NOSO PROBLEMA. Os músicos non podemos vivir alleos á realidade que nos rodea. A Música e a Natureza están sólidamente vencelladas.

Mar de Fábula

Mar de Fábula é unha asociación sen ánimo de lucro que ten por obxectivo limpar o mar que baña as costas de Galicia. A nosa asociación é unha peza máis dentro do mecanismo global que traballa pola limpeza e conservación dos océanos. Despois de cinco anos de intenso traballo na loita contra a contaminación orgánica e dos plásticos no mar, temos chegado á conclusión de que nunca remataremos de limpar o mar. Só estamos atacando os síntomas da enfermidade, dunha enfermidade chamada capitalismo que, na súa dinámica implacable, necesita facer de nós, facer do mar, un sumidoiro de lixo para que a festa consumista non pare.

A solución da contaminación dos océanos é certamente complexa porque son moitos os actores do drama. Na nosa opinión, unha das principais vías de solución pasa por traballar nos procesos de información e sensibilización cidadán. Non vale que traslademos a responsabilidade aos pequenos e

sixelos de interpretar, recreo en pequena escala o acto que todo suxeito en sociedade comete, que é, dalgún modo ou outro, destruír a nosa casa. Xa sexa consumindo máis plásticos dos necesarios, ou collendo o coche en soidade, todos nós cometemos diariamente estes erros que están levando ao noso planeta á destrución total.

Mediante a invitación que fago ao público para que me invada con lixo mariño, trato de crear un novo ser vivo que habita con dificultade baixo moreas de produtos dañinos. De un en un e en silencio, prego que cada un de vós, mentras aporta unha nova pel non desexada a este corpo agora deforme, reflexione sobre o que é e supón, asfixiar a milleiros de seres vivos que sen culpa algunha e por supervivencia, han de adaptarse a éste novo mundo. Nesta performance, eu co meu corpo, sitúome neste estadio; a necesidade imposta de soportar as inclemencias custe o que custe.

Revertir o efecto que levamos perpetuando dende fai décadas xa é imposible, pero sí podemos frear o futuro escuro que xa está cerca.

Pablo López

Estaremos a tempo de salvar os océanos? Poderemos rexenerar a vida marina? Queremos que o poder da música, a linguaxe das emocións máis puras, faga chegar a mensaxe por novas canles: directa ós corazóns.

O froito desta colaboración é a montaxe performativa, musical e medioambiental que van a presenciar a continuación: ideas, intérpretes e talento cento por cento galego. A fusión da performance de Pablo López, a Fábula das Criaturas Caóticas de Xosé Manuel Barros e a música dos Piñeiros de seguro que a ninguén deixará indiferente.

A estrea deste concerto medioambiental tivo lugar no marco das celebracións polo vinte aniversario do Aquarium Finisterrae, con grande éxito de público, o pasado 22 de Xuño. Hoxe en As Pontes, con esta segunda edición, comezamos unha andaina coa que nos gustaría chegar a cantos públicos sexan posibles.

Cómpre renovar a visión das relacións entre o ser humano e a Natureza. As cumbres climáticas amósanse ineficaces, unha tras outra, dende o ano 1979. Os poderes públicos e os intereses económicos non teñen trazas de poñerse a solucionar nada. Teremos que forzalos nos, os cidadáns, a pé de rúa, alzando as nosas voces. Nesta ocasión a través da Música.

Nuria Díaz Mera

Presidenta da Asociación Piñeiros

adolescentes con charlas e actividades nos centros escolares. Somos tamén os adultos, os que levamos decenas de anos ensuciando e maltratando a natureza, os que temos que poñer mans á obra. Ao mesmo tempo, os organismos internacionais e os gobernos de cada país teñen que legislar para actualizar a lexislación sobre os vertidos de augas residuais no mar e limitar o uso dos plásticos en terra firme. Compre mellorar os procesos de separación do lixo nos fogares, os procesos lóxicos de recollida e clasificación nas cidades, implantar os sistemas de devolución e retorno dos envases de plástico e, por suposto, temos que seguir limpando o mar. A visión global do problema será a única maneira de lles deixar un mundo habitable ás futuras xeracións.

Unha das ferramentas de concienciación ambiental que utilizamos en Mar de Fábula é a integración do lixo mariño en diferentes formas de expresión artística como a que hoxe levamos aquí adiante en colaboración co singular artista Pablo López e coa inspirada música de Piñeiros.

Xosé Manuel Barros

Presidente de Mar de Fábula

Artista performativo: Antón López Yanguas

Criaturas caóticas (textos e figuras): Xosé Manuel Barros

Voces en off: Pablo López, Jesús Couceiro Bueno

Vestuario de Antón López: Merrey, por Sergio Marey

Bailarina: Ariadna Vázquez Cabana

Edición de vídeo e audio: Judith Fernández Casero (**imaxes cedidas por** Argimiro Luna Rivera)

Pianistas (por orde de aparición): Antía López Vila, Iria Veiras Iglesias, Irene Rodríguez Pawlow, Noreia Hermida Pérez, Romeu Tembrás Sánchez, Jaime Moreno Rodríguez, Inés Carrión Orosa, Antía Iglesias Fariña, David Vázquez Regueira, Irene López Díaz, Aitana López Caaveiro, Claudia Zhu Díaz Casas, Silvia M^a Adán Gómez, Alejandro Carrión Orosa, Raquel Torres Díaz e Sara Brandariz Freire.

Equipo de técnicas extendidas: Iria Veiras Iglesias, Irene Rodríguez Pawlow, David Vázquez Regueira, Jaime Moreno Rodríguez.

Idea orixinal: Nuria Díaz Mera, Julia Cristina López Rodríguez, Pablo López Segura

Equipo de dirección artística (Pianeiros): Julia Cristina López Rodríguez, Judith Fernández Casero, Nuria Díaz Mera

PEZAS MUSICAIS INTERPRETADAS

Estudio Op. 45 N.º 8 HELLER

Autumn Sketch W. GILLOCK

Variacións tema Dobri Christi. STOYANOV

Sonata K466 SCARLATTI

Pequeño prelude BWV 925 BACH

Estudio 7 Op. 47 HELLER (*leit motiv Criaturas Caóticas*)

Estudio Op. 105 N.º 6 J.F. BURGMÜLLER

Suite HWV441 Courante HAENDEL

Estudio Op. 10 N.º 5 CHOPIN

Danza en ritmo búlgaro nº 2 BARTOK

Danza en ritmo búlgaro nº 3 BARTOK

Impromptu Op. 90 N.º 2 SCHUBERT

Gnossienne Nº 1 SATIE

A campá da tarde E. GRANADOS

Crested Ibis K. TANAKA

O cisne SAINT-SAENS

